

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DE GASTOS DERIVADOS DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN ALMACÉN PARA MATERIAL DEPORTIVO NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS GÁNDARAS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 20-2020, por un importe total de 14.000 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020.

Vista providencia da Sección de Deportes, asinada polo encargado de actividades deportivas, don Fernando Timiraos Carrasco, coa conformidade do Concelleiro Delegado da área de Zona Rural e Deportes, don Miguel Fernández Méndez, con data 30/10/2020, solicitando a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito por importe de 14.000,00 €, para dar cobertura a gastos derivados das obras de construción dun almacén para material deportivo no campo de fútbol de As Gándaras.

Providencia asinada pola Alcaldía en data 04/11/2020 ordeando a inocación do correspondente expediente.

Dada a verificación de inexistencia de crédito adecuado e suficiente, e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, procede a tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos segundo o seguinte tenor, creando se procede as aplicacións orzamentarias que resulten procedentes:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	Código proxecto	IMPORTE €
34100.22706	14.000,00 €	34290.62200	19RT00030	14.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	14.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		14.000,00 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto e o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/995 de data 06/11/2020, así como RCMOD Ref.:101940/2020 por importe de 14.000 € e en virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac8450978265141182440.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 20/2020 Deportes

disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 14.000 € euros para dar cobertura ás obrigas dos gastos derivados das obras de construción dun almacén para material deportivo no campo de fútbol de As Gándaras.

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	Código proyecto	IMPORTE €
34100.22706	14.000,00 €	34290.62200	19RT00030	14.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	14.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		14.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.